

## **VALORACIÓN GLOBAL DA ACTIVIDADE DOCENTE PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE ACREDITACIÓN NACIONAL PARA O ACCESO AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS**

De cara a xustificar a Calidade da actividade docente dentro do procedemento de Acreditación Nacional establecido pola ANECA, se contempla a presentación dun certificado da Universidade na que conste a valoración global da actividade docente do solicitante con indicación da metodoloxía utilizada para obtela, por exemplo as establecidas mediante o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) ou similares, da ANECA ou outras axencias de avaliación. No caso de que a Universidade non teña en funcionamento algún programa específico para a avaliación da calidade da actividade docente dos seus profesores, transitoriamente se aceptarán os certificados parecidos aos que se estean emitindo na actualidade con obxectivos similares (habilitacións, concursos...).

No presente curso, a Universidade de Santiago procederá á expedición dos certificados de avaliación global da actividade docente necesarios para a acreditación nacional co procedemento que se detalla a continuación.

Os profesores que teñan recoñecidos algún tramo de avaliación do mérito docente en convocatorias anteriores ou que tiveran solicitado a avaliación dos méritos docentes na convocatoria publicada por resolución do 30 de novembro de 2007 só deberán presentar a solicitude de expedición do certificado e non deberán presentar ningún informe nin outra documentación adicional.

### **PRIMEIRO.- PROFESORADO QUE PODE SOLICITAR O CERTIFICADO DE AVALIACIÓN**

Calquera membro do PDI que teña impartido docencia na USC poderá solicitar o certificado da avaliación global da actividade docente ós efectos da solicitude de acreditación nacional.

### **SEGUNDO.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

Os interesados deberán cumprimentar o modelo normalizado de solicitude en formato electrónico que estará á disposición dos interesados a través da secretaría virtual do profesorado.

Este requisito será imprescindible para considerar a solicitude presentada polos interesados.

Unha vez cuberto este documento en formato dixital, deberase imprimir e asinar debidamente e presentalo, xunto cos preceptivos informes no seu caso, no Rexistro Xeral da Universidade – Santiago de Compostela ou Lugo – ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE 27.11.1992).

### **TERCEIRA.- DOCUMENTACIÓN** (ver disposición transitoria)

#### **A) CON CARÁCTER XERAL**

- Informe favorable respecto a actividade docente do Consello de Departamento ou, de ser o caso, da Comisión Permanente, coa indicación da data de delegación de dita función.
- Informe favorable respecto a actividade docente da Xunta de Centro ou, de ser o caso, da Comisión Permanente, coa indicación da data de delegación de dita función.
- Informe da súa actividade docente do solicitante (extensión máxima de 5 folios a dobre espazo).

#### **B) BOLSEIROS**

Os profesores que aproveitasen algunha bolsa deberán presentar certificación emitida pola entidade que a concedeu, indicando a data de inicio e de remate da bolsa. Non será acreditación suficiente a presentación da credencial de concesión da bolsa.

### **CUARTA.- EMISIÓN DO CERTIFICADO SOBRE A AVALIACIÓN GLOBAL DA ACTIVIDADE DOCENTE**

No prazo máximo de 15 días a partir da recepción da solicitude emitirase o certificado de avaliación global baseado na documentación presentada e que solo reflectirá a valoración positiva ou negativa da avaliación sen ningún tipo de graduación o escala.

O dito certificado remitirase a dirección do Departamento do profesor.

### **QUINTA.- INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO**

Os interesados poderán obter información sobre esta convocatoria no Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, nas extensións 11051, 11052 e 11044.

## **SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), os datos persoais recollidos como consecuencia da presente convocatoria incorporaranse ao ficheiro nº 2 da USC "Persoal", regulado pola Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2002 (DOG do 9 de agosto). Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición conforme ao regulado na antedita Resolución Reitoral nos formularios que se poden atopar en <http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos.jsp>

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA.-** Con carácter excepcional no presente ano, os membros do PDI que tiveran solicitado a avaliación dos méritos docentes na convocatoria publicada por resolución do 30 de novembro de 2007 quedarán exentos da presentación dos documentos sinalados no apartado Terceiro, tendo efectos os presentados na dita convocatoria.

Do mesmo xeito, os profesores que teñan recoñecidos algún tramo de avaliación do mérito docente en convocatorias anteriores só deberán presentar a solicitude de expedición do certificado establecida no apartado segundo e non deberán presentar ningunha documentación adicional.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2008



Senén Barro Ameneiro

